

BOS CONSELLOS PARA LER EN FAMILIA:

⇒ Se ti disfrutas lendo, o teu fillo disfrutará lendo. Se un libro non consegue emocionarte a ti, probablemente non emocionará o teu fillo.

⇒ Procura que o libro esté presente no teu fogar como obxecto familiar e preciado. (Os libros pódense mercar pero tamén se poden levar prestados da Biblioteca.)

⇒ Adica uns minutos tódolos días a compartir o pracer das historias e os libros cos teus fillos.

⇒ Calquera persoa pode contar contos. A contar contos apréndese contándoos. O teu fillo pediráche que repitas moitas veces a mesma historia, e en cada nova narración sentiráste máis seguro/a.

⇒ O neno/a non entende de utilidades, non intentes convencelo de que debe ler para aprender, porque llo esixen no colexio..., pero si entende de diversión, axudalle a descubrir o pracer da lectura.

⇒ Recorda que parte da fascinación que o conto exerce sobre o neno/a consiste na posibilidade de acaparar a túa atención e reforzar o vínculo que o une a ti.

⇒ Na Biblioteca hai moitos libros que vos están agardando. Visitádea. Nela faremos o posible por aconsellarvos os libros que vos interesen.